



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE) por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 19 de xaneiro de 2024 o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE) formaliza unha denuncia contra o presidente da Xunta de Galicia D. Alfonso Rueda Valenzuela na que manifesta que *«o día 18 de xaneiro o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, trala reunión do consello da Xunta, na súa comparecencia levou a cabo manifestacións relativas a logros alcanzados polo goberno actual así como manifestacións na súa consideración de candidato ás eleccións. En concreto, fixo as seguintes manifestacións:*

Minuto 19:36: “ A Xunta esta traballando, o goberno de España non fixo nada e a oposición seguirá enredando e levantando bulos ata o último momento ”

“Hai moitísimo interese político, interese electoral, intereses de seguir levantando bulos nos partidos da oposición que van acudir á manifestación ”

Minuto 22:15: “ Os cidadáns van ter ocasión de opinar, os bulos, as manipulacións interesadas e como reaccionou cada un...”

Minuto 25:18 “É moi fácil votar promesas o vento e despois porque pensas que non tes que cumprilas ou directamente non as vas cumprir, os famosos cambios que vemos no partido socialista, pero nos somos moito mais serios que eso...”

Minuto 26:40: “Nos temos un balance que presentar, e é o que estamos facendo,...”

Minuto 28:00 : “ Nos temos que responsabilizarnos de pedirlle á xente a confianza para poder gobernar, e eu sei que para gobernar necesito a maioría...”

Minuto 28:18: “O meu obxectivo como CANDIDATO é ter esa maioría que me permita seguir gobernando...”

Engade o denunciante que *«a actuación levada a cabo polo presidente da Xunta de Galicia, como candidato, nun espazo adicado a presentación informativa dos acordos do Consello da Xunta, coa imaxe e nome da Xunta de Galicia, supón unha clara infracción do principio de neutralidade e debe considerarse unha actuación contraria aos artigos 50 e 53 da LOREX, posto que, se inclúen frases que teñen un claro carácter electoralista, non podendo ser considerado actividade ordinaria.»*

Polo que solicita á Xunta Electoral *«que admita a trámite a presente denuncia e na súa virtude proceda a adoptar as medidas legais oportunas fronte o autor de ditos feitos, consorte os artigos indicados ut supra, ou aqueles que correspondan e na súa virtude imponha a D. Alfonso Rueda*



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Valenzuela as sancións que a normativa electoral prevé, procedendo asemade a ordear a Xunta de Galicia a retirada da publicación da súa páxina web e de calquera rede social ou páxina web de contidos nos que subise este.»

2. O 22 de xaneiro de 2024, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias para os efectos de formular alegacións.

3. O 23 de xaneiro de 2024, recíbense as alegacións nas que se afirma que «a actividade denunciada ven constituída por unhas manifestacións puntuais e concretas realizadas polo presidente da Xunta de Galicia en calidade de tal, tras unha rolda de prensa na que se dan conta dos acordos adoptados polo Consello da Xunta de Galicia.»

Transcríbese o dito na rola de prensa no «minuto 28:00 : “ Nos temos que responsabilizarnos de pedirlle a xente a confianza para poder gobernar, e eu sei que para gobernar necesito a maioría...”. Tamén estamos ante a resposta fronte a unha pregunta (en concreto sobre determinados partidos políticos e a súa concorrencia ás eleccións). A resposta é moi xenérica, evitando unha valoración concreta da estratexia electoral doutros partidos, e se limita a constatar que para poder gobernar se precisa a maioría, sen facer campañas de logros ou declaracións electoralistas. Así, indícase expresamente que “o que queiran facer os demais é cousa deles”. Neste contexto se manifesta a seguinte expresión denunciada “o meu obxectivo como candidato é ter esa maioría que me permita seguir gobernando”. Termínase expresando que non se valora “o que fan os demais”, “porque é perder o tempo”.»

Engádesse que a «denuncia resalta expresamente (pon en maiúsculas) a expresión “candidato”, presumiblemente, aínda que no se explica, para facer ver que lle parece especialmente grave ou reprochable. Porén, non hai máis que observar o contexto de pregunta e resposta para ver que o presidente se limita a expresar, de forma moi xeral, que non vai facer valoracións da concorrencia doutros partidos políticos. Non se pode esquecer que no presidente concorre, en efecto, a dobre condición de presidente e candidato, e as súa resposta se limita a constar este extremo, o que non debe levar a rasgarnos as vestiduras. Esta mención illada, nun segundo, no contexto da resposta a unha pregunta, na que precisamente se renuncia a facer valoracións, non transforma os 36 minutos da rolda de prensa, como parece pretender a denuncia, nunha “campaña de logros” ou nunha violación da neutralidade dos poderes públicos que deba ser retirada da páxina web institucional ou que deba xustificar, nada máis e menos, que a apertura dun procedemento sancionador.»

Continúase dicindo que «debemos resaltar que, con estas teses extremas do denunciante, se as expresións denunciadas, - que como temos visto, non son de contido electoralista ou expresivas de “campañas de logros”, foran suficientes para a apertura dun procedemento sancionador no contexto dunha rolda de prensa e respostas aos periodistas, a única conduta posible para os cargos públicos, ante o risco dun reproche sancionador, sería a gardar un estrito silencio e evitar todo debate público ou mediático, para evitar que no contexto dunha resposta improvisada efectuar manifestacións ou expresións illadas que poidan ser interpretadas como non “neutrais”.

Deste modo, debe advertirse dos riscos de interpretacións excesivamente rigorosas do “principio de neutralidade” que invoca o denunciante. En efecto, este principio debe verse en relación, como veremos a continuación, coas condutas prohibidas do artigo 50.2 da LOREX, que o que



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

prohiben son campañas realizacións o de logros, pero non pode levarse ao extremo de impedir que as autoridades públicas respondan nos medios de comunicación a críticas sobre a súa xestión pública e que defendan a corrección da xestión administrativa realizada, pois esa interpretación as colocaría de feito nunha posición de inferioridade.»

Finalízase asegurando que «o presidente da Xunta de Galicia, nas súas respostas as preguntas concretas dos periodistas, non realizou nas expresións denunciadas ningún balance de logros ou realizacións do goberno galego, prohibido polo artigo 50.2 da LOREX e, en consecuencia, non vulnerou o principio de neutralidade que deste precepto se deriva, principio que non pode levarse ao extremo de impedir que as autoridades públicas respondan ante os medios de comunicación a críticas sobre a súa xestión pública e que defendan a corrección da xestión administrativa realizada.»

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

No vídeo da rolda de prensa emitido por youtube, posterior á correspondente reunión do Consello da Xunta de Galicia do 18 de xaneiro de 2024, o Sr. presidente da Xunta de Galicia, detrás dun atril co logotipo da Xunta de Galicia e cun fondo no que tamén figura o mesmo logo, fai as seguintes manifestacións:

«A Xunta esta traballando, o goberno de España non fixo nada e a oposición seguirá enredando e levantando bulos ata o último momento...»

“Hai moitísimo interese político, interese electoral, intereses de seguir levantando bulos nos partidos da oposición que van acudir á manifestación...”

«Nos temos que responsabilizarnos de pedirlle á xente a confianza para poder gobernar, e eu sei que para gobernar necesito a maioría...»

E engade: *«O meu obxectivo como candidato é ter esa maioría que me permita seguir gobernando...»*

Nas alegacións asegúrase que *«non se pode esquecer que no presidente concorre, en efecto, a dobre condición de presidente e candidato, e as súa resposta se limita a constar este extremo, o que non debe levar a rasgarnos as vestiduras. Esta mención illada, nun segundo, no contexto da resposta a unha pregunta, na que precisamente se renuncia a facer valoracións, non transforma os 36 minutos da rolda de prensa, como parece pretender a denuncia, nunha “campaña de logros” ou nunha violación da neutralidade dos poderes públicos que deba ser retirada da páxina web institucional ou que deba xustificar, nada máis e menos, que a apertura dun procedemento sancionador.»* A afirmación segundo a cal a mención illada que o Sr. presidente da Xunta de Galicia fixo á súa condición de candidato nas próximas eleccións *«non transforma os 36 minutos da rolda de prensa, como parece pretender a denuncia, nunha “campaña de logros” ou nunha violación da neutralidade dos poderes públicos»*, non pode compartirse. O Sr. presidente da Xunta de Galicia, que é público e notorio que é un candidato ás próximas eleccións autonómicas, puido terse limitado a cumprir as súas funcións institucionais de transparencia perante os medios de comunicación no senso de dar a coñecer os acordos adoptados no consello que preside. Porén, a frase transcrita de *«pedirlle á xente a confianza para gobernar e eu sei que para gobernar necesito a maioría»*, unida a frase segundo a cal *«o meu obxectivo como candidato é ter esa maioría que me permita seguir gobernando»*, que contrastan con: *«A Xunta*



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

esta traballando, o goberno de España non fixo nada e a oposición seguirá enredando e levantando bulos ata o último momento...» e “hai moitísimo interese político, interese electoral, intereses de seguir levantando bulos nos partidos da oposición que van acudir á manifestación...», exceden das ditas funcións xa que, obxectivamente e nun proceso electoral en curso, teñen unha connotación electoralista. Desas frases, claras e precisas, é posible inferir unha identificación da súa condición de presidente da Xunta —coas conseguíntes competencias que lle confire o ordenamento xurídico (art. 15 do EAG e arts. 10 a 26 da LRXP, en relación co art. 103.1 da CE)—, coa súa condición de candidato, nun ámbito institucional alleo ao propio dunha contenda electoral, co fin de persuadir ao potencial elector de que lle vote e, deste xeito, a entidade política pola que se presenta, obteña unha maioría de apoio electoral que lle permita seguir gobernando. Con esta forma de proceder vulnerouse o principio de neutralidade dos poderes públicos. Como di a Xunta Electoral Central, *«resulta legítimo dar cuenta en una rueda de prensa de los acuerdos adoptados por el Consejo de Gobierno y posteriormente incorporar esa referencia a la web institucional en período electoral, pero no puede utilizarse ese acto para realizar afirmaciones que puedan entenderse como logros o realizaciones del citado consejo por resultar contrario a lo dispuesto en el artículo 50.2 de la LOREG.»* (Acordo do 22 de abril de 2015 e doutrina mantida noutro como os acordos do 6 de maio de 2015 e de 17 de xuño de 2017). Esta doutrina reitérase no recente acordo 575/2023, do 5 de outubro (fundamento xurídico primeiro):

«La interpretación del art. 50.2 de la LOREG debe efectuarse a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso, resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2) y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último, conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo (Sala Tercera) ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (por todas, cabe citar SSTs 721/2021, de 24 de mayo; 743/2021, de 26 de mayo; 113/2023, de 31 de enero o 132/2023, de 2 de febrero). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez, la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG.

(...)

En suma, las manifestaciones de referencia, al ser efectuadas en el curso de un acto institucional, constituyen una vulneración del principio de neutralidad que dimana del art. 50.2 de la LOREG, de conformidad con la interpretación que del mismo se ha venido haciendo en abundante Jurisprudencia del Tribunal Supremo, en aplicación de los artículos 23.2 y 103.1 de la Constitución. Por consiguiente, no puede prosperar la alegación de que la Junta Electoral Central efectúa una interpretación “extensiva” u “omnicomprensiva” del constantemente citado art. 50.2 de la LOREG, por cuanto la Junta Electoral Central se limita a interpretar y aplicar dicho precepto ciñéndose estrictamente a la Jurisprudencia del Tribunal Supremo. Asimismo, la falta de intencionalidad y la voluntad de no interferir en el proceso electoral se contradice con el contenido de las declaraciones de referencia que,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

aunque fuesen efectuadas espontáneamente en respuesta a los periodistas, no parecen guardar relación con lo resuelto en el Consejo Europeo, ni con las funciones del Presidente de dicho Consejo que iba a ejercer el interesado, en su condición de Presidente del Gobierno, con arreglo al sistema de turnos rotatorios establecido en la normativa comunitaria.

En relación con lo anterior, cabe destacar, a los efectos que aquí interesan, la mencionada STS 132/2023, de 2 de febrero (FD 9º), en la que se señala que: "Al respecto es jurisprudencia que la neutralidad de las instituciones y poderes públicos es un principio básico (artículo 103.1 de la Constitución) que se acentúa con la exigencia de la neutralidad política en período electoral en los espacios públicos. Esta exigencia limita la libertad de expresión de los candidatos en actos a los que concurren, no como tales, sino en el ejercicio del cargo y viene impuesta por el principio de igualdad de los contendientes en el proceso electoral: se trata de evitar prevalecerse del cargo al incurrir en lo que se denomina "campaña de logros", esto es, actos de reclamo electoral a base de exponer los logros de la gestión realizada y que el candidato ensalza no como tal, sino como titular del cargo público que se ostenta y en actos en los que interviene con tal condición".»

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

ACORDO

Estimar a denuncia e declarar que o Sr. presidente da Xunta de Galicia incorreu na prohibición establecida no apartado 2 do artigo 50 da LOREX, sen que, unha vez ponderado o alcance das frases con connotación electoralista, proceda a incoación dun procedemento sancionador.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 9:15 horas do próximo día 28 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal